UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

# Boletín 22
# 26-1 marzo de 2024

# Actividades culturais

TÍTULO: CineFilo. Primavera 2024

ORGANIZACIÓN: Decanato, Comisión de Actividades Culturais, Área de Filoloxía Catalá, Institut Ramon Llull

DATA/S: 30 de xaneiro – 7 de maio (próxima sesión 27 de febreiro)

LUGAR: Facultade de Filoloxía

HORARIO: 17.00-20.00h

ENDEREZO DE CONTACTO: dolors.perarnau@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: CineFilo.USC

DESCRICIÓN:

O vindeiro día 27 de febreiro CineFilo achégase a unha das figuras máis destacadas do cinema francés, Agnès Varda. Faino da man dun dos seus filmes máis destacados, Les glaneurs et la glaneuse (Os espigadores e a espigadora), realizado en 2000. O filme é un fermoso exercicio que simultanea a atención de Varda por xentes que viven da rebusca coa seu propio interese, cinematográfico, pola rebusca de imaxes e historias, o que fai dela unha "espigadora" máis, como o mesmo título indica. Discretamente, da man dunha pequena cámara de video, Varda lévanos moito máis aló do que a un documental; ábrenos a un modo de ver o mundo.



# Actividades culturais

TÍTULO : Poes/IA. Chamada de poemas sobre a Intelixencia Artificial
DESTINATARIOS/AS: Toda a comunidade universitaria e extra-universitaria
ORGANIZACIÓN: Proxecto de investigación PHIRGAL sobre “Interseccións posthumanas nas literaturas galega e irlandesa” (http://irgal.es/) e o Grupo de investigación “Discurso e Identidade” (https://discursoeidentidade.com/)
DATA/S: Chamada aberta entre o 1 de marzo e o 1 de xuño, 2024
LUGAR: N/A
HORARIO: N/A
CONTACTO: manuela.palacios@usc.es
LIGAZÓN: http://irgal.es
DESCRICIÓN:
O proxecto PHIRGAL sobre “Interseccións posthumanas nas literaturas galega e irlandesa” e o Grupo “Discurso e Identidade” fan a seguinte chamada de poemas que exploren a relación entre poesía e intelixencia artificial.
Con esta chamada queremos indagar no potencial das novas textualidades, explorar as posibilidades creativas da IA, contribuír ao debate IA vs. autoría humana e promover a reflexión sobre os límites do humano no marco dos debates actuais sobre posthumanismo.
Actividade de transferencia do proxecto PHIRGAL e o Grupo “Discurso e Identidade” para tender pontes entre a investigación universitaria e o ámbito social e cultural no que está inserida.



# Informacións Académicas

TÍTULO DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE: programa de mobilidade SICUE 2024-25

DATA/S: Ata o 2 de marzo

LIGAZÓN:

https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/sicue-saintes/convocatoria-sicue-202425

# Informacións Académicas

TÍTULO: MASTER ERASMUS MUNDUS EN LEXICOGRAFÍA - EMLex

DESTINATARIOS/AS: Todo o alumnado da Facultade. Todo o profesorado da Facultade.

ORGANIZACIÓN: Coordinación do Máster Erasmus Mundus en Lexicografía

DATA/S: 14/12/2023-01/03/2024

ENDEREZO DE CONTACTO: emlex.erasmus.mundus@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: https://www.emlex.eu.usc.gal/applications/

DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE:

Aberto o prazo de solicitude de prazas e bolsas da convocatoria 2024-2025 para o Máster Erasmus Mundus en Lexicografía

# Informacións Académicas

TÍTULO: Certificats de Català (Convocatoria 2024)
DESTINATARIOS/AS: PDI, PAS, Estudantado
ORGANIZACIÓN: Área de Filoloxía Catalá (Departamento de Filoloxía Galega)
DATA/S: Do 20/2/2024 ao 13/3/2024 (inscrición e pagamento). Exames nos sábados 4, 11 e 18 de maio de 2024
LUGAR: Aula Luisa Cuesta (Biblioteca Concepción Arenal)
CONTACTO: rosa.olle@usc.es
LIGAZÓN: www.llull.cat/certificats
DESCRICIÓN DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE (opcional, 100 palabras)

A Área de Filoloxía Catalá en colaboración co Centro de Linguas Modernas (CLM) informa que o Instituto Ramon Llull ten aberto o prazo de inscrición para as probas de obtención dos Certificats de Llengua Catalana (convocatoria 2024) emitidos por esta institución (www.llull.cat), con sede na Universidade de Santiago, e válidos tanto para a comunidade universitaria como para o público en xeral.

O prazo de inscrición e pagamento é do 20/02/2024 ao 13/03/2024, e as datas dos exames segundo os niveis convocados na sede da Universidade de Santiago para toda Galicia son:

Bàsic (A2) / Elemental (B1): 11/05 Intermedi (B2) / Superior (C2): 4/05 Suficiència (C1): 18/05 A persoa de contacto responsábel das devanditas probas é a profesora Rosa Ollé (rosa.olle@usc.es).



# Informacións Académicas

TÍTULO: Convocatoria aberta para o envío de propostas do XXXVIII Congreso Internacional da Asociación de Jóvenes Lingüistas

ORGANIZACIÓN: Asociación de Jóvenes Lingüistas

DATA/S: 1 de febreiro - 15 de marzo

LUGAR: Facultade de Filoloxía – Universidade de Santiago de Compostela

ENDEREZO DE CONTACTO: ajl.santiago@usc.gal

LIGAZÓN: ajlsantiago.gal/convocatoria

DESCRICIÓN:

O comité organizador do XXXVIII Congreso Internacional da Asociación de Jóvenes Lingüistas convida a todas as persoas interesadas a enviar as súas propostas de comunicación oral.

Cada investigador/a poderá enviar unha única proposta individual, se ben si poderá figurar en coautoría noutras propostas. Todas as persoas comunicantes terán que aboar a cota, incluídas aquelas que figuren como coautoras de propostas. Se un autor/a aparece en dúas comunicacións distintas, só terá que aboar a cota unha vez. A cota para as persoas comunicantes é de 50€ (dos que 5€ se destinarán á cota de membro da AJL). As persoas que envíen comunicación non deberán ter o título de doutor/a na data de envío de proposta.

As comunicacións terán unha duración total de 30 minutos: 20 minutos dedicados á exposición oral e 10 minutos reservados para a rolda de preguntas e comentarios.



# Outras informacións

TÍTULO: Cursos en Competencias en Información Humanidade (2ª ed.)

DESTINATARIOS/AS: EstudantadoORGANIZACIÓN: Biblioteca

DATA/S: 12 ao 26 de febreiro de 2024

LUGAR: on line

ENDEREZO : daniel.cuevas@usc.es

DESCRICIÓN:

O luns 12 e ata o día 26 de febreiro ábrese o prazo de inscrición nos cursos de Competencias en información de Humanidades, básico e avanzado (2ª ed.) organizados pola biblioteca de Filoloxía, Xeografía e Historia e Filosofía.

A actividade realizarase do 19 de febreiro ao 18 de marzo. Son cursos en liña e están recoñecidos con 1 crédito ECTS.






USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!







A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!
@busc_filoloxia
@buscfiloloxia